

1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Costas do Son e Corrubedo. Municipio: Porto do Son. Parroquias: a maior parte do norte correspóndese con San Pedro de Baroña, agás a esquina nororiental que pertence a San Vicente de Noal; o sur divídese entre as parroquias de Santo Estevo de Queiruga ao oeste, Santa María de Camaño no centro, e San Fins de Ribasieira ao leste. Extensión: 11,9km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa conformada por cantís rochosos baixos, resultado da acción da erosión mariña sobre os materiais graníticos da unidade. Destaca o promontorio rochoso de Punta do Castro, situado ao sur, e no que se formou, ao abrigo da dinámica mareal, unha área de deposición areosa a modo de istmo que se prolonga ao sur pola praia de Baroña. Entre a costa e as elevacións montañosas da Serra do Barbanza, no interior, desenvólvese unha ampla chaira costeira asentada sobre materiais metamórficos, e entre a que sobresaen en altura as suaves elevacións montañosas, alomadas, de natureza granítica. Desta forma, os xistos e paragneises conforman unha chaira prelitoral pola que transcorren sinuosamente os principais arroios da unidade, despois de encaixarse nas ladeiras das montañas ígneas do Barbanza. Inclúe o EIX Castro de Baroña.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade que comparte dous tipos de especies rochosas. Por unha banda, un granito hercínico de dous micas de gran medio a grosso, con orientación por deformación, "Tipo Barbanza". Este distribúese pola maior parte da metade occidental, a costeira, e nas elevacións do nordés e sueste. Por outra aparecen xistos con niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de Idade precámbrico-silúrica. Estes materiais distribúense polo extremo oriental central, ás ladeiras medias e baixas das elevacións do leste e nunha área no sector centro-setentrional, ao norte do Río Maior. O Cuaternario presenta unha importancia nada despreziable, pois aos sedimentos das praias e dunas entre Punta do Castro e Punta Pedras Negras hai que sumar os depósitos aluviais do val do río Sieira e os existentes na depresión trasdunar que debe reunir depósitos antigos continentais e mariños.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido na fachada costeira e conca baixa do Río Maior definido por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao ano; a amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A vertente está máis exposta ás masas de aire húmidas oceánicas aumentando as precipitacións coa altitude de maneira que a media supera os 1400mm e pode chegar aos 1800mm na liña e cumes, entre os montes Enxa e Graial, onde ademais a temperatura descende lixeiramente situándose entre 13°C e 14°C (dominio Temperado-Moi Húmido).

OS SOLOS

Unidade que comparte dous tipos de especies rochosas. Por unha banda, un granito hercínico de dous micas de gran medio a grosso, con orientación por deformación, "Tipo Barbanza". Este distribúese pola maior parte da metade occidental, a costeira, e nas elevacións do nordés e sueste. Por outro aparecen xistos con niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de Idade precámbrico-silúrica. Estes materiais distribúense polo extremo oriental central, ás ladeiras medias e baixas das elevacións do leste e nunha área no sector centro-setentrional, ao norte do Río Maior. O Cuaternario presenta unha importancia nada despreziable, pois aos sedimentos das praias e dunas entre Punta do Castro e Punta Pedras Negras hai que sumar os depósitos aluviais do val do río Sieira e os existentes na depresión trasdunar que debe reunir depósitos antigos continentais e mariños.


AS AUGAS

O río Maior é a canle colectora principal desta unidade, que desemboca nas Augas Costeiras de Porto do Son (20172) na praia do Río Maior. Este río procede do nordés e vai recibindo a achega de diversos afluentes: do arroyo Seco preto do seu nacemento, do arroyo Fontán polo centro e desde o leste; e do río Pequeno desde o Sueste.

O PATRIMONIO NATURAL

Desde a península de Baroña cara ao sur, a franxa máis costeira queda dentro do LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Costa mixta con dominio rochoso ao norte de Baroña e de praias e cantís ao sur. Nas partes rochosas aparecen o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados en coídos. Algunha cova nos cantís suma o 8330, de covas mariñas somerxidas e semisomerxidas. Só aparécen pequenos sectores de dunas ou manto eólico (grupo 21 de dunas marítimas atlánticas) nas praias de Castro de Baroña, Area Longa de Baroña e Río Maior. Non existen masas de frondosas de entidade. As pequenas agrupacións de frondosas de recolonización só se pode sumar algún bosquete de ribeira (91E0) no Río Maior. As vertentes acantiladas presentan afloramentos graníticos que permiten falar dos hábitats do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica, compartindo espazo co hábitat 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio do uso forestal con especies procedentes da repoboación e masas mixtas de eucaliptos e piñeiros. No medio das masas de frondosas alternanse as parcelas de uso agrícola, asentamentos de carácter rural e outros espontáneos usados como primeira e segunda residencia. As praias do Castro de Baroña, Area Longa e Río Maior confiren un gran valor turístico á unidade propiciando a aparición de actividades relacionadas como o cámping. Na serra existen aeroxeradores pertencentes a un parque eólico.

MORFOLOXÍA

Entre os numerosos núcleos rurais repartidos por toda a superficie e atomizados sen chegar a haber ningún de entidade, con forma lineal e comunicados pola estrada que comunica todo o sector, está o conxunto dos núcleos de Abuín, O Campanario, Penas, Tarrío e Orellán. De forma illada aparecen ao norte o núcleo de Montemuíño, ao leste os núcleos de Lavandeira, Soanes e Udres, e tamén máis ao sur os núcleos de Goltar, Bilicosa e A Devesa. Tamén illadas ao sueste Xestas e Gourís. Os asentamentos espontáneos repártense pola estrada que comunica Porto do Son polo litoral, responden á morfotipoloxía de vivenda unifamiliar illada que abunda en toda a zona pero desvinculada do uso agrícola tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 comunica todo o litoral da franxa costeira de Porto do Son. O resto da rede viaria é un armazón complexo, con trazado curvilíneo no interior do parcelario e bordeando as masas forestais.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Abundante patrimonio dentro da arquitectura civil e relixiosa, como casas, conxuntos de hórreos, fontes e doutra banda a Igrexa de San Pedro de Baroña e algúns cruceiros, principalmente. Destacar o castro de Baroña que presumiblemente pertence á cultura castrexa datada entre o S. I a. C. e o século II d. C. Situado nunha península rochosa accesible por un istmo areoso. Aprécianse as fortificacións que servían de defensa ante posibles ataques inimigos e as construcións de planta circular, este castro é o típico exemplo de castro de tipo marítimo. Hai máis probas de asentamentos primitivos como numerosos petróglifos e mámoas, covas, etc.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Dividindo a unidade en dúas áreas: a zona este no interior e o oeste cara ao litoral, podemos distinguir na primeira, unha zona de montaña con densas masas de árbores e un almacén de pistas forestais de trazado sinuoso. A zona oeste non reflicte os parámetros típicos da costa de Porto do Son onde as parcelas agrícolas e os asentamentos dominan toda a superficie na primeira franxa litoral, senón que neste caso a fachada costeira está protexida por arboredo e os asentamentos e o parcelario sitúanse mesturados con eles. Sen responder a ningunha xerarquía nin orde lexible os núcleos rurais repártense por toda a unidade de forma atomizada. Os asentamentos máis recentes aproveitaron o trazado da estrada AC-550 para desenvolverse. O sinal nesta unidade vén marcado polas praias e o castro de Baroña outorgándolle á zona un alto valor turístico.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O predomínio das masas forestais repartidas por un relevo heteroxéneo caracterizan este ámbito como unha paisaxe montañosa que culmina cos cantís e os areais da franxa costeira. Destaca por enriba de todo o patrimonio arqueolóxico da unidade, o castro de Baroña, pola súa singular ubicación nunha península próxima á praia nudista do mesmo nome e frecuente punto de visita da costa de Porto do Son. A praia de Baroña achega un alto valor ao turismo do sector coa presenza do castro e os areais contiguos, sendo praias moi frecuentadas pola seu carácter montaraz. Desde a península de castro Baroña ofrécese unha visión do conxunto e unha bela panorámica da costa situada máis ao norte. Na comarca do Barbanza é ben coñecido o miradoiro da Curota, que permite amplas perspectivas das rías de Arousa, Muros e Noia. Dende a península de Baroña cara ao sur, a franxa máis costeira queda dentro do LIC Complexo Húmido de Corrubedo, así como na Rede de Espazos Naturais e a Rede Natura 2000. A península de Baroña dentro da protección de Espazos de Interés Xeomorfolóxico.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



